



C O N C E L L O  
DE  
**A B E G O N D O**  
(A CORUÑA)

ACTA NÚMERO 1 BIS

**PROCESO DE SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL PARA CUBRIR A PRAZA DE XEFE/A DA BRIGADA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS DURANTE A CAMPAÑA DO ANO 2024**

**LISTA DEFINITIVA DE PERSOAS ASPIRANTES ADMITIDAS E EXCLUÍDAS**

As 9:30 h do luns, 15 de xullo reúnen as seguintes persoas integrantes do tribunal de selección de persoal laboral temporal para a contratación de 1 xefe/a da brigada de prevención e defensa contra incendios forestais no exercicio 2024:

**Presidente:**

Titular: José Manuel Rodríguez Costa

**Vogal 1:**

Titular: M<sup>a</sup> del Mar Carro López

**Vogal 2:**

Titular: M<sup>a</sup> Carmen Iglesias Iglesias

**Secretario:**

Titular: José Antonio Varela Doval

Conforme as bases de selección aprobadas por medio do decreto da alcaldía número 354/2024 do 04/07/2024 (expte TEDEC: 2024/E001/000003 – 2024/G003/000389 ), o tribunal admitiu inicialmente a todos/as aqueles/as candidatos/as que presentaron os requisitos mínimos.

A lista de aspirantes inicialmente admitidos/as e excluídos/as é a seguinte:

**Praza de xefe/a de brigada (número de postos:1)**

**Persoas aspirantes admitidas e excluídas:**

Nº rexistro	Nome	Admitidos	Excluídos
R.E 202400000002211	García Paredes, Mario	Si	---
R.E 202490000001065	Grandal Rodríguez, Adrián	Si	---

(1) Ambos os dous aspirantes achegan a documentación acreditativa de posuír a **titulación mínima necesaria** para poder participar no proceso de selección para a praza de xefe/a da brigada. A antedita titulación deberá ser algunha das recollidas no apartado A) das bases para a praza e que concretamente será, tal e como tamén se indica na cláusula oitava do Convenio asinado polo Concello de Abegondo coa Consellería do Medio Rural o día 25/05/2023, a de "enxeñeiro/a de montes, enxeñeiro/a técnico/a forestal, técnico/a superior en xestión forestal e do medio natural, técnico/a en aproveitamento e conservación do medio natural, técnico en emerxencias e protección civil ou formación profesional equivalente. Ademais estará en posesión do permiso de conducir do tipo B."

O tribunal considera que non procede ningún tipo de emenda polo que estas listas iniciais coa relación de persoas candidatas admitidas e excluídas teñen carácter definitivo e poderá pasarse a realizar a/s proba/s ou exercicio/s práctico/s e posteriormente a fase de valoración do concurso-oposición. Acórdase publicar as anteditas listas na sede electrónica do Concello de Abegondo (<https://sede.abegondo.gal>) e complementariamente no taboleiro de anuncios situado na Casa do Concello.



C O N C E L L O  
DE  
**A B E G O N D O**  
( A C O R U Ñ A )

Convócase ás persoas candidatas admitidas para realizar a/s **proba/s práctica/s eliminatoria/s**, conforme se indica a continuación:

**PROBA PRÁCTICA 1** <sup>(1)</sup>

**Praza:** xefe/a de brigada (1 praza)

**Lugar:** Exterior edificio de Protección Civil; lugar de O Monte- Mabegondo

**Día:** Mércores, 17 de xullo de 2024

**Hora:** 10:00 h.

(1) Posibilitará valorar o coñecemento e a destreza necesarias para o manexo da ferramenta, maquinaria ou medios que se utilizarán no posto de traballo a desenvolver.

**PROBA PRÁCTICA 2** <sup>(2)</sup>

**Praza:** xefe/a de brigada (1 praza)

**Lugar:** Casa do Concello de Abegondo

**Día:** mércores, 17 de xullo de 2024

**Hora:** 13:30 h.

(2) No caso concreto da praza de xefe/a de brigada, as persoas candidatas, no caso de superaren a proba práctica 1 deberán realizar ademais unha proba específica eliminatoria que posibilitará valorar os coñecementos específicos na materia e consistirá nun **test de avaliación** cun total de 20 preguntas (ver apartado E.2) das bases ).

En proba de todo, estendo a presente acta e como secretario dou fe.

Abegondo, 15 de xullo de 2024

Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.